



Concello de Sarria

**CONCELLEIRA DE CULTURA DO CONCELLO DE SARRIA
DNA. REYES ABELLA GARCIA**

INFORMA:

**“ BASES DO CONCURSO DO DESFILE DE COMPARSAS E
CARROZAS DO ENTROIDO, DO CONCELLO DE SARRIA,
DOMINGO DIA 23 FEBRERO DE DE 2020 ”**

Saída do barrio da **Estación ás 17:00 horas.**

O remate e entrega dos premios realizarase na Pavillón dos institutos ,Rúa Castelao sn.

O xurado do concurso estará composto por :

-VOGAIS: Representantes de diferentes asociacións e colectivos relacionados coa cultura local.

-SECRETARIO/A: O responsable da O.M.I.X do Concello de Sarria, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso.

O xurado terá liberdade para establecer as súas cualificacións, sendo os criterios a valorar os seguintes: a montaxe, a elaboración e os materiais utilizados, a orixinalidade, o interese etnográfico, o humor, a posta en escea, a simpatía e a graza dos participantes, e a utilización de música en vivo.

O persoal de organización e o xurado do concurso quedan facultados para excluír do desfile ou cambiar o a orde seu posto,calquera elemento das comparsas que se considere perigoso (animais de todo tipo, petardos, bengalas...), co obxecto de garantir a seguridade dos demais participantes e do público asistente.

O Xurado fará pública a súa decisión unha vez rematado o desfile, reservándose o dereito de declarar deserto os premios e e as axudas que considere oportunas por non acadar a calidade ou participación suficiente.

A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases.

A decisión do xurado é inapelable

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 9LWFFQP-JAMKZ7GMT2TRF7KKMR | Corrección: https://sarría.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



Concello de Sarria

CATEGORÍAS: **ADULTOS**

CARROZAS :

Poderán participar nesta modalidade aqueles grupos que estando formados por máis de tres persoas, leven plataforma ou remolque de superficie suficiente para que a totalidade do grupo ou polo menos o 50 % dos seus integrantes suban nela.

COMPARSAS :

Todos aqueles grupos que estando formados por máis de tres persoas que non entren na categoría de carrozas (aínda que leven como complemento algún vehículo para a megafonía).

CATEGORÍAS: **INFANTIL**

CARROZAS :

Aqueles grupos que leven plataforma ou remolque, de medida suficiente para que a totalidade do grupo ou polo menos o 50 % dos seus integrantes suban nela

COMPARSAS:

Todos aqueles grupos que estando formados por máis de tres persoas que non entren na categoría de carrozas (aínda que leven como complemento algún vehículo para a megafonía).

Poderán participar na modalidade de infantil todos os grupos formados íntegramente por menores de 14 anos, ou que máis dun 50 % dos seus membros sexan menores desta idade.

En todo caso se a Organización considera que aqueles que se apuntasen coma carroza ou comparsa , non reunen os requisitos, quedan facultados para excluír do desfile ou cambiar a súa categoría.





Concello de Sarria

INSCRIPCIÓNS :

- **Reunión obrigatoria** : venres 21 de febreiro, ás 20.00h , no Concello de Sarria.
- **Inscripción**: dende o dia seguinte a publicacion no B.O.P e ata o 20 de febreiro, ás 12.00h da mañá, a través do impreso da páxina web ,e mediante rexistro no Concello de Sarria. A este impreso deberá adxuntarse o D.N.I. e o certificado da titularidade da conta bancaria onde se fará efectivo o pago das axudas e/ou dos premios, orixinal ou fotocopia.

ACÓRDASE DAR OS SEGUINTE PREMIO :

Nº1 ADULTOS CARROZAS DE 15 O MÁIS PARTICIPANTES

1º PREMIO: 600€ (suxeito a retencion do I.R.P.F)

2º PREMIO: 440€ (suxeito a retencion do I.R.P.F)

Nº2 ADULTOS CARROZAS DE MENOS DE 15 PARTICIPANTES

1º PREMIO: 350€ (suxeito a retencion do I.R.P.F)

2º PREMIO: 270€

Nº3 ADULTOS COMPARSA DE 15 O MÁIS PARTICIPANTES

1º PREMIO: 380€ (suxeito a retencion do I.R.P.F)

2º PREMIO: 320€ (suxeito a retencion do I.R.P.F)

Nº4 ADULTOS COMPARSA DE MENOS DE 15 PARTICIPANTES

1º PREMIO: 300€

2º PREMIO: 260€

Nº5 INFANTIL CARROZA

1º PREMIO: 400€ (suxeito a retencion do I.R.P.F)

2º PREMIO: 300€

Nº6 INFANTIL COMPARSA DE CENTROS EDUCATIVOS OU ASOCIACIÓN DO CONCELLO DE SARRIA

1º PREMIO: 450€ (suxeito a retencion do I.R.P.F)

2º PREMIO: 360€ (suxeito a retencion do I.R.P.F)

3º PREMIO: 240€

4º PREMIO: 180€

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 9LWFFQP-JAMKZ7GMT2TRF7KKMR | Corrección: https://sarria.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4



Concello de Sarria

Nº7 INFANTIL COMPARSA

1º PREMIO: 260€

2º PREMIO: 210€

Nº8 FORA DA COMARCA

1º PREMIO CARROZA 350€ (suxeito a retencion do I.R.P.F)

1º PREMIO COMPARSA 220€

Nº9 MELLOR DISFRAZ EN PARELLA INSCRITA: 100€

Nº10 MELLOR DISFRAZ INDIVIDUAL INSCRITO : 60€

TOTAL GASTO ENTROIDO 2020 : 6.050€

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 9LWFFQP-JAMKZ7GMT2TRF7KKMR | Corrección: <https://sarria.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4